

NORMAS XERAIS DO CAMPO A TRAVÉS FINAL PROVINCIAL DE OURENSE 11/02/2023 NO CONCELLO DE A RÚA

O Servizo de Deportes de Ourense da Xunta de Galicia en colaboración coa Delegación de Valdeorras da Federación Galega de Atletismo e o Concello de A Rúa organiza a Final co Campionato Provincial de Campo a Través dentro de XOGADE no programa "ACTIVIDADE DEPORTIVA", como se expón a continuación:

1. CATEGORIAS:

CATEGORIAS	ANO DE NACEMENTO
Benxamín (masculino e feminino)	2015-2014
Alevín (masculino e feminino)	2013-2012
Infantil (masculino e feminino)	2011-2010
Cadete (masculino e feminino)	2009-2008

2. DATAS:

PROBA	PARTICIPANTES	DATA
FINAL PROVINCIAL	Centros e Clubes (A RÚA)	Sábado 11/02/2023

3. PARTICIPACIÓN:

3.1.- Poderán tomar parte en cada unha das probas os clubes ou colexios da Provincia de Ourense.

3.2.- É recomendable que todos/as os/as participantes se presenten portando unha camiseta distintiva do seu centro ou clube.

3.3.- Calquer aspecto non recollido nestas Normas Xerais rexirase polo normativa colgada na web oficial de XOGADE (Xogos galegos deportivos en idade escolar) e o Regulamento Federativo.

4. INSCRICIÓN:

4.1.- Para a final Provincial do **11/02/2023**, as inscricións faranse separadas por categorías e equipos. Farana de xeito individual os que así se clasificaron.

A inscrición dos atletas participantes na competición terá como data límite o luns **6 de febreiro de 2023** ata as **23:59h**. Calquera inscrición posterior a data sinalada non será admitida.

!!!MUY IMPORTANTE!!!

INSTRUCCIÓN PARA TRAMITACIÓN DE INSCRICIÓNS NA INTRANET DA RFEA

Os Clubes, Colexios ou Asociacións, unha vez dados de alta todos os deportistas na aplicación de XOGADE, deben enviar o excell que se adxunta, con todos os deportistas que teñan dereito a inscribirse nesa competición, ó enderezo electrónico competicion@atletismo.gal, no prazo establecido.

Os Clubes, Colexios ou Asociacións que teñan a todos os seus deportistas federados, usarán o usuario e clave que xa teñen asignado e farán as inscricións na SDP RFEA (<https://sdp.rfea.es/auth/login>) no prazo establecido.

4.2.- O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada equipo poderán realizar un máximo de DOUS cambios en cada categoría, sobre a inscrición previamente realizada. Estes cambios formalizáranse na Secretaría da Competición, até 30 minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizados/as aos/as corredores/as.

5. DORSAIS:

5.1.- Os dorsais serán facilitados pola Organización a través da Secretaría ata 30 minutos antes do comezo da proba correspondente. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados, que non poderán cortarse, dobrarse ou ocultarse de xeito algún.

5.2.- Os/as participantes quedan obrigados a levar os dorsais no peito, descalificándose a quen non o leve así.

6. CLASIFICACIÓN E PREMIOS:

As bases da clasificación aparecen na normativa de XOGADE (apartado clasificación)

Para o Campionato Galego (A Coruña 4/03/2023), clasificaranse os 2 mellores equipos do Campionato Provincial (das categorías Alevín, Infantil e Cadete), así como os 10 primeiros atletas clasificados de xeito individual que non estean incluídos nos equipos clasificados, sempre e cando entren na meta entre os 15 primeiros.

Ao rematar tódalas probas farase entrega de medallas aos 3 primeiros clasificados de cada categoría e trofeo e medallas aos tres primeiros equipos de cada categoría.

7. LUGAR:

O AGUILLÓN. A RÚA

8.- HORARIOS

Son os que aparecen reseñados xunto co mapa do percorrido.



**CAMPIONATO PROVINCIAL XOGADE
CAMPO A TRAVÉS OURENSE
A Rúa, 11 de febreiro do 2023**



ZONA DE QUENTAMENTO

CAMARA DE CHAMADAS

PAVILLÓN
VESTIARIOS MASC / FEM
SECRETARÍA
RECOLLIDA DE DORSAIS
ENTREGA TROFEOS

SAIDA VOLTA PEQUENA 850 M.

META VOLTA GRANDE 1.350M.

HORARIO		
10:45	Cadete Masc.	2 Voltas Grandes 2.700 m.
11:05	Cadete Fem.	2 Voltas Grandes 2.700 m.
11:30	Infantil Masc.	2 Voltas Pequenas 1.700 m.
11:55	Infantil Fem.	1 Voltas Pequenas 1.700 m.
12:20	Alevín Masc.	1 Volta Grande 1.350 m.
12:40	Alevín Fem.	1 Volta Grande 1.350 m.
13:00	Benxamin Masc.	1 Volta pequena 850 m.
13:15	Benxamin Fem.	1 Volta pequena 850 m.
13:45 ENTREGA DE TROFEOS		

NOTA: Para o traslado do alumnado ao lugar de celebración da proba, os/as responsables ou delegados/as poranse en contacto co Servizo Provincial de Deportes, unha vez formalizada a inscrición. Deberán aportar a información correspondente ao número de pasaxeiros, lugar e hora de saída, así como o número de picnics que solicitan. Para realizar esta xestión terán de prazo ata o martes **7 de febreiro de 2023** ás **14:00h**.

Ourense, a 26 de xaneiro de 2023

O COORDINADOR PROVINCIAL DO DEPORTE ESCOLAR